

## MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

### AVANCE PROGRAMACIÓN EXPOSICIÓN

2018

#### EXPOSICIÓN TEMPORAIS

---

Primeiro andar

#### **METRÓPOLE.**

##### **Perspectiva urbana da arte galega**

- Datas: 2018
- Produción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

#### [LISTA ARTISTAS POR CONFIRMAR]

O obxectivo é presentar unha completa visión do panorama artístico galego contemporáneo, ao tempo que os propios artistas expoñen o seu particular concepto de cidade.

O proxecto concíbese inicialmente como unha grande exposición colectiva, representativa da arte galega contemporánea, e que servirá de presentación: un índice dos artistas que se irán coñecendo en profundidade ao longo dos meses posteriores, grazas á sucesión de exposicións individuais de cada un dos protagonistas desa mostra coral inicial.

---

Planta baixa

#### **JULIO VERNE**

##### **Os límites da imaxinación**

- Datas: abril – setembro 2018
- Produción: Fundación Telefónica

Unha produción de Fundación Telefónica que parte do imaxinario de Julio Verne para reflectir o espírito da súa época, caracterizado polos cambios vertixinosos e a fe no progreso. A mostra recupera unha serie de personaxes que fixeron realidade o que o autor aventurou nas súas novelas.

Dada o especial vencellamento desta exposición coa cidade de Vigo —2018 coincide con dúas efemérides que relacionan Vigo coa figura de Julio Verne: cúmprense 150 anos da entrada do *Nautilus* do capitán Nemo na ría de Vigo, e 140 anos da primeira visita de Julio Verne a Vigo— a mostra incluírá contidos especialmente relacionados, grazas ao asesoramento de Eduardo Rolland, e estará acompañada dun conxunto de actividades paralelas, como percorridos guiados, charlas e programa educativo.

Planta baixa

## PANTOQUE

- Datas: setembro – decembro 2018
- Producción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Un proxecto creativo pluridisciplinar imaxinado e realizado por un artista plástico (Ramón Trigo), e un fotógrafo (Eduardo Armada), coa colaboración de Alfonso Armada como escritor. A idea primixenia é a realización dun proxecto artístico de investigación en base á confluencia de tres modos de narración que parten dunha mesma realidade compartida. Trátase de explorar por medio da linguaxe plástica, visual e poética, o espazo arquitectónico e o proceso de traballo nun asteleiro, concretamente os Astilleros Armada, situados en Bouzas dende os anos vinte do século pasado.

Ramon Trigo trasladou o seu taller ao asteleiro, onde conviviu cos traballadores reinterpretando e tamizando a súa actividade a través da súa visión plástica en cadros de gran formato, ao tempo que Eduardo Armada rexistraba en vídeo e fotografía toda a acción. Dúas formas visuais de narración que se complementan coa visión literaria dos textos de Alfonso Armada. Unha indagación sobre os paralelismos entre industria e arte; dúas vidas paralelas e aparentemente alleas, pero non exentas de confluencias.

---

Planta baixa

## MANUEL COLMEIRO

- Datas: decembro 2018 – abril 2019
- Comisariado: [PENDENTE]
- Producción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

A partir da recente doazón ao Concello de Vigo dun conxunto de obras de Manuel Colmeiro por parte da familia do artista, xunto con pezas doutros autores, a mostra formula unha revisión global da figura dun dos pintores galegos máis recoñecidos do século XX, que formou parte do grupo dos chamados *Renovadores*.

Xunto con Carlos Maside, Arturo Souto, Fernández Mazas o Luis Seoane, Colmeiro é considerado un dos protagonistas da renovación artística galega que se produce no primeiro tercio do século XX. Un pintor que reflicte a paisaxe galega apoiándose sempre no real, e recreándoo. Da obra de Colmeiro dixo Carlos Maside. “Galicia ten un pintor, tan propio, tan representativo nesta arte como o foi, quizais, Rosalía na lírica”.